

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

10726 *Lei 41/2015, do 5 de outubro, de modificación da Lei de axuízamento criminal para a axilización da xustiza penal e o fortalecemento das garantías procesuais.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

A proposta de Código procesual penal presentada pola Comisión institucional para a elaboración dun texto articulado de Lei de axuízamento criminal, constituída por Acordo do Consello de Ministros do 2 de marzo de 2012, actualmente sometida a información pública e debate, propón un cambio radical do sistema de xustiza penal cuxa implantación require un amplo consenso. Mentres o dito debate se mantén, na confianza de encontrar o máximo concerto posible sobre o novo modelo procesual penal, resulta preciso afrontar de inmediato certas cuestións que non poden agardar a ser resoltas coa promulgación do novo texto normativo que substitúa a máis que centenaria Lei de axuízamento criminal.

Nesta lei regularanse as cuestións que non requiren desenvolvemento mediante lei orgánica, que terán unha regulación paralela nunha norma co dito rango, e que son as seguintes: a) a necesidade de establecer disposicións eficaces de axilización da xustiza penal co fin de evitar dilacións indebidas, b) a previsión dun procedemento de comiso autónomo, c) a instauración xeral da segunda instancia, d) a ampliación do recurso de casación e e) a reforma do recurso extraordinario de revisión.

II

Existen certas medidas, de sinxela implantación, que permiten evitar dilacións innecesarias, sen ningunha mingua dos dereitos das partes: a) a modificación das regras de conexidade e a súa aplicación ao determinar a competencia dos tribunais; b) a reforma do réxime de remisión pola Policía Xudicial aos xulgados e ao Ministerio Fiscal dos atestados relativos a delitos sen autor coñecido; c) a fixación de prazos máximos para a instrución, e d) a regulación dun procedemento monitorio penal.

A reforma das regras de conexidade supón unha racionalización dos criterios de conformación do obxecto do proceso, co fin de que teñan o contido máis adecuado para a súa rápida e eficaz substanciación. Con isto preténdese evitar o automatismo na acumulación de causas e a elefantiasa procesual que se pon de manifesto nos denominados macroprocesos. A acumulación por conexión só ten sentido se concorren certas circunstancias taxadas que se expresan no artigo 17.1 e 2 da Lei de axuízamento criminal, cando o coñecemento dos asuntos por separado non resulte máis aconsellable. Esta valoración da concorrencia das regras e condicións de conexidade corresponde en exclusiva ao xuíz instructor. A novidade da reforma consiste en establecer que a simple analoxía ou relación entre si non constitúe unha causa de conexión e só se xustifica a acumulación cando, por instancia do Ministerio Fiscal, na súa condición de defensor da legalidade e do interese público, o xuíz o considere máis conveniente para o

esclarecemento dos feitos e a determinación das responsabilidades procedentes, salvo que supoña excesiva complexidade ou dilación para o proceso, e sempre que con isto non se altere a competencia. Así, ademais, evitarase o frecuente trasfega de causas entre distintos xulgados na busca do que deba coñecer do asunto por unha simple coincidencia da persoa a que se atribúen distintos delitos.

Tamén constitúe unha medida de axilización, sinxela de levar á práctica, a consistente en evitar o uso irracional dos recursos humanos e materiais da Administración de xustiza para xestionar os atestados policiais sen autor coñecido, pois dan lugar nos xulgados a innecesarias aperturas de dilixencias que son de inmediato arquivadas logo do visto do Ministerio Fiscal. Trátase dun traballo superfluo e perturbador. Para garantir un adecuado control xudicial basta con que os ditos atestados sexan conservados pola Policía Xudicial á disposición de xuíces e fiscais. Non obstante, a remisión á autoridade xudicial será preceptiva en todo caso respecto a materias especialmente sensibles, como son os delitos contra a vida, contra a integridade física, contra a liberdade e indemnidade sexuais ou os delitos relacionados coa corrupción. Tamén se deberán remitir todos os atestados en que, pasadas as primeiras setenta e dúas horas, a Policía Xudicial practique calquera dilixencia tendente á identificación do autor, sempre que proporcione algún resultado. Trátase de garantir que non haberá investigacións autónomas da Policía, pero evitar tamén que todas as causas terminen recalando nos xulgados cando non exista avance respecto da situación inicial.

Por outro lado, seguindo a proposta da Comisión institucional antes mencionada, para a finalización da instrución substitúese o exiguo e inoperante prazo dun mes do artigo 324 da Lei de axuízamento criminal por prazos máximos realistas cuxo transcurso si provoca consecuencias procesuais. Distínguense os asuntos sinxelos dos complexos, cuxa cualificación inicial corresponde ao órgano instrutor. Prevese a posibilidade da prórroga destes últimos por instancia do Ministerio Fiscal, como garante da legalidade ex artigo 124 da Constitución e, en todo caso, oídas as partes comparecidas e, para todos os supostos, dunha prórroga excepcional por instancia de calquera das partes comparecidas e oídas as demais, con moita flexibilidade, pero de forma que finalmente exista un límite temporal infranqueable no cal o sumario ou as dilixencias previas deban concluír e se deba adoptar a decisión que proceda, ben a continuación do procedemento xa en fase intermedia, ben o sobresemento das actuacións. Para a determinación dos prazos ordinarios de seis e de dezoito meses, segundo se trate dun asunto sinxelo ou complexo, respectivamente, tomáronse como referencia os prazos medios de duración da instrución, tal e como se reflicten nos estudos estatísticos xudiciais e fiscais. Trátase, pois, de prazos fiables en que as dilixencias instrutoras deben ter xa cumpridos os seus fins. Non obstante, o sistema prevé regras de adecuación dos prazos á realidade da instrución, de modo que unha causa inicialmente declarada sinxela se poida transformar en complexa e que situacións como a declaración do segredo das actuacións, o que de feito ocorrerá no suposto de intervención das comunicacións, non afecten o cómputo dos prazos, xa que, neste caso, se vería interrompido. Outro tanto sucederá se o instrutor acorda o sobresemento provisional ao considerar que non se pode avanzar de forma positiva na tramitación da causa por calquera circunstancia. A modo de cláusula de peche desta nova regulación elimínase calquera risco de impiedade polo transcurso dos referidos prazos ao excluírse que o seu esgotamento dea lugar ao arquivamento automático das actuacións, fóra dos supostos en que proceda o sobresemento libre ou provisional da causa.

Adicionalmente, como tamén propuxo a Comisión, establécese o proceso por aceptación de decreto. Trátase dun procedemento monitorio penal que permite a conversión da proposta sancionadora realizada polo Ministerio Fiscal en sentenza firme cando se cumpren os requisitos obxectivos e subxectivos previstos e o encausado dá a súa conformidade, con preceptiva asistencia letrada. Seguindo un modelo de probado éxito no dereito comparado, instáurase un mecanismo de aceleración da xustiza penal que é sumamente eficaz para desconxestionar os órganos xudiciais e para dispensar unha rápida resposta punitiva ante delitos de escasa gravidade cuxa sanción poida quedar en multa ou traballos en beneficio da comunidade, totalmente respectuoso co dereito de defensa. O obxectivo desta reforma é o establecemento dunha canle de resolución

anticipada das causas penais para delitos de menor entidade, aplicable con independencia do procedemento que lles corresponda. Resulta, pois, aplicable tanto aos delitos leves como aos delitos menos graves que se encontren dentro do seu ámbito material de aplicación, por instancia do Ministerio Fiscal e antes da conclusión da fase de instrución. Tamén responde á posibilidade de culminar a fase de dilixencias de investigación do Ministerio Fiscal cunha elevación das actuacións ao xulgado de instrución que implique non xa a posta en coñecemento do feito senón, de facto, a solicitude da sentenza e pena correspondente. A súa efectiva aplicación implicará unha redución significativa das instrucións e ulteriores xuízos orais, o que redundará tamén en beneficio do acurtamento da denominada «fase intermedia» dos procedementos.

III

A Directiva 2014/42/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014, sobre o embargo e o comiso dos instrumentos e do produto do delito na Unión Europea, exige aos Estados membros articular canles para a súa implementación, en especial para permitir a efectividade das novas figuras de comiso. Regúlase así un proceso de comiso autónomo que permita a privación da titularidade dos bens procedentes do delito a pesar de que o autor non poida ser xulgado. O procedemento responde a un equilibrio entre a axilidade que lle é propia e as garantías para as persoas demandadas. Optouse pola remisión ao procedemento verbal da Lei de axuízamento civil, o que contribúe á seguridade xurídica. Incluíronse, non obstante, as especialidades propias do procedemento no articulado e un sistema de recursos baseado no procedemento abreviado. Prevese, ademais, a fase de execución dos bens comisados, na cal a investigación asociada será dirixida polo Ministerio Fiscal, sen detrimento das súas funcións investigadoras na fase pre-xudicial. Esta regulación débese pór en contexto coas modificacións do comiso que pola súa parte introduce a reforma do Código penal e, en concreto, como complemento daquela, prevíuse agora a intervención no procedemento dos terceiros que se poidan ver afectados polo comiso. Os seus dereitos garántense non só neste procedemento senón coa articulación dun recurso de anulación, por remisión novamente á Lei de axuízamento civil, en caso de que a resolución se ditase sen considerar a súa condición de interesado na causa.

IV

Malia que a Lei orgánica do poder xudicial establece as oportunas previsións orgánicas para a xeneralización da segunda instancia no proceso penal, en desenvolvemento do dereito recoñecido polo artigo 14.5 do Pacto internacional de dereitos civís e políticos, conforme o cal todo condenado por delito poderá someter a revisión a causa ante un tribunal superior, a ausencia de regulación procesual do recurso de apelación contra as sentenzas ditadas polas audiencias provinciais e pola Sala do Penal da Audiencia Nacional, logo de celebración de xuízo ante os ditos órganos xudiciais, mantén unha situación insatisfactoria que, ao ter que compensarse con maior flexibilidade no entendemento dos motivos do recurso de casación, desvirtúa a función do Tribunal Supremo como máximo intérprete da lei penal. Por isto, procédese a xeneralizar a segunda instancia e establécese a mesma regulación actualmente prevista para a apelación das sentenzas ditadas polos xulgados do penal no proceso abreviado, ben que adaptándoa ás exixencias tanto constitucionais como europeas. Considerouse oportuno completar a regulación do recurso de apelación con novas previsións legais relativas ao erro na valoración da proba como fundamento do recurso e ao contido da sentenza que o órgano *ad quem* poderá ditar en tales circunstancias, cuxo fin último é axustar a regulamentación desta materia á doutrina constitucional e, en particular, ás exixencias que dimanan do principio de inmediación. En relación co primeiro, cando a acusación alegue este motivo como base do seu recurso, xa sexa co fin de anular unha sentenza absolutoria xa para agravar as condicións fixadas nunha condenatoria, deberá xustificar a insuficiencia ou falta de racionalidade desta ou o seu apartamento manifesto das máximas de experiencia ou a

omisión de todo razoamento sobre algunha das probas practicadas, sempre que sexan relevantes, ou cuxa nulidade fose declarada improcedentemente. Nesta tesitura, o tribunal de apelación verá limitadas as súas facultades a declarar a nulidade da sentenza cando sexa procedente, fixando o alcance desa declaración, isto é, se afecta exclusivamente a resolución do órgano *a quo* ou se se debe estender ao xuízo oral e, neste último caso, se se debe dar unha nova composición a ese órgano co obxecto de garantir a súa imparcialidade.

V

Xunto coa reforma da segunda instancia é necesario remodelar a casación para conseguir que cumpra de forma eficaz a súa función unificadora da doutrina penal. Actualmente, unha porcentaxe limitada de delitos ten acceso ao recurso de casación e, por conseguinte, a súa interpretación unificadora lévana a cabo as audiencias provinciais, o que non garante un tratamento homoxéneo para toda España. A esta realidade únense as sucesivas reformas do Código penal, impulsadas por exixencias sociais, transposición de directivas europeas ou con motivo do cumprimento de normativas internacionais, a última das cales, en virtude da Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, supuxo cambios profundos na lei substantiva. Ante esta situación facíase imprescindible unha reforma do ámbito material do recurso de casación para permitir que o Tribunal Supremo achegase a exixible uniformidade en tales materias.

Para facer posible o acceso dos novos delitos ao recurso de casación, a reforma recolle distintas medidas que actuarán como contrapesos para equilibrar o modelo e facelo plenamente viable. En primeiro lugar, xeneralízase o recurso de casación por infracción de lei, ben que acoutado ao motivo primeiro do artigo 849, e resérvase o resto dos motivos para os delitos de maior gravidade. En segundo lugar, exclúense do recurso de casación as sentenzas que non sexan definitivas, isto é, aquelas que se limiten a declarar a nulidade das resolucións ditadas en primeira instancia, por considerarse que nestas situacións a casación se convertería nun trámite superfluo e dilatorio, sen que supoña subtraer a causa ao coñecemento do Tribunal Supremo, xa que esta vía impugnativa permanecerá aberta unha vez resoltas as causas de nulidade. E, finalmente, institúese a posibilidade de que o recurso poida ser inadmitido a trámite mediante providencia «sucintamente motivada» por unanimidade dos compoñentes da sala cando careza de interese casacional, aínda que exclusivamente cando se trate de recursos interpostos contra sentenzas ditadas polas audiencias provinciais ou pola Sala do Penal da Audiencia Nacional. Para efectos de determinar a existencia dese interese casacional deberanse tomar en consideración diversos aspectos, entre outros, os seguintes: se a sentenza impugnada se opón abertamente á doutrina xurisprudencial emanada do Tribunal Supremo, se resolve cuestións sobre as cales exista xurisprudencia contraditoria das audiencias provinciais ou se aplica normas que non leven máis de cinco anos en vigor, sempre que, neste último caso, non exista unha doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo xa consolidada relativa a normas anteriores de igual ou similar contido.

Desa forma, existirá doutrina da Sala Segunda do Tribunal Supremo en todas as materias, substantivas, procesuais e constitucionais.

VI

Por último, a necesidade de establecer no ordenamento español unha canle legal de cumprimento das sentenzas ditadas polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, até agora sen outra cobertura que a interpretación xurisprudencial, impón a reforma dos motivos do recurso de revisión, no marco da mellora técnica dos diversos supostos e con inclusión tamén da posibilidade de impugnación de sentenzas penais que poidan resultar contraditorias coa ditada posteriormente noutra orde xurisdiccional acerca dunha cuestión pre-xudicial non devolutiva e das sentenzas ditadas nos procedementos de comiso autónomo no caso de que a ulterior sentenza penal ditada no procedemento principal non considere acreditado o feito delituoso que habilitou o comiso.

Artigo único. *Modificación da Lei de axuizamento criminal.*

A Lei de axuizamento criminal modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 3 do artigo 14, que queda redactado do seguinte modo:

«3. Para o coñecemento e resolución das causas por delitos para os cales a lei sinala pena privativa de liberdade de duración non superior a cinco anos ou pena de multa, calquera que sexa a súa contía, ou calquera outra de distinta natureza, ben sexan únicas, conxuntas ou alternativas, sempre que a duración destas non exceda os dez anos, así como por delitos leves, sexan ou non incidentais, imputables aos autores destes delitos ou a outras persoas, cando a comisión do delito leve ou a súa proba estean relacionadas con aqueles, o xuíz do penal da circunscrición onde se cometeu o delito, ou o xuíz do penal correspondente á circunscrición do xulgado de violencia sobre a muller, se for o caso, ou o xuíz central do penal no ámbito que lle é propio, sen prexuízo da competencia do xuíz de instrución de garda do lugar de comisión do delito para ditar sentenza de conformidade, do xuíz de violencia sobre a muller competente, se for o caso, nos termos establecidos no artigo 801, así como dos xulgados de instrución competentes para ditar sentenza no proceso por aceptación de decreto.»

Dous. Modifícase o artigo 17, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Cada delito dará lugar á formación dunha única causa.

Non obstante, os delitos conexos serán investigados e axuizados na mesma causa cando a investigación e a proba en conxunto dos feitos resulten convenientes para o seu esclarecemento e para a determinación das responsabilidades procedentes, salvo que supoña excesiva complexidade ou dilación para o proceso.

2. Para os efectos da atribución de xurisdición e da distribución da competencia se considéranse delitos conexos:

1.º Os cometidos por dúas ou máis persoas reunidas.

2.º Os cometidos por dúas ou máis persoas en distintos lugares ou tempos, se precedeu concerto para isto.

3.º Os cometidos como medio para perpetrar outros ou facilitar a súa execución.

4.º Os cometidos para procurar a impunidad doutros delitos.

5.º Os delitos de favorecemento real e persoal e o branqueo de capitais respecto ao delito antecedente.

6.º Os cometidos por diversas persoas cando se ocasionen lesións ou danos recíprocos.

3. Os delitos que non sexan conexos pero fosen cometidos pola mesma persoa e teñan analoxía ou relación entre si, cando sexan da competencia do mesmo órgano xudicial, poderán ser axuizados na mesma causa, por instancia do Ministerio Fiscal, se a investigación e a proba en conxunto dos feitos resultan convenientes para o seu esclarecemento e para a determinación das responsabilidades procedentes, salvo que supoña excesiva complexidade ou dilación para o proceso.»

Tres. Modifícase o artigo 284, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Inmediatamente despois de os funcionarios da Policía Xudicial teren coñecemento dun delito público ou de seren requiridos para previr a instrución de dilixencias por razón dalgún delito privado, comunicaranllo á autoridade xudicial ou ao representante do Ministerio Fiscal, se poden facelo sen cesar na práctica das dilixencias de prevención. Noutro caso, farano así que as rematen.

2. Non obstante, cando non exista autor coñecido do delito, a Policía Xudicial conservará o atestado á disposición do Ministerio Fiscal e da autoridade xudicial, sen enviárllelo, salvo que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que se trate de delitos contra a vida, contra a integridade física, contra a liberdade e indemnidade sexuais ou de delitos relacionados coa corrupción;
- b) Que se practique calquera dilixencia despois de transcorridas setenta e dúas horas desde a apertura do atestado e estas tivesen algún resultado, ou
- c) Que o Ministerio Fiscal ou a autoridade xudicial soliciten a remisión.

De conformidade co dereito recoñecido no artigo 6 da Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, a Policía Xudicial comunicará ao denunciante que, en caso de non ser identificado o autor no prazo de setenta e dúas horas, as actuacións non se remitirán á autoridade xudicial, sen prexuízo do seu dereito a reiterar a denuncia ante a fiscalía ou o xulgado de instrución.

3. Se recolleron armas, instrumentos ou efectos de calquera clase que poidan ter relación co delito e se achen no lugar en que este se cometeu ou nas súas inmediacións, ou en poder do reo ou noutra parte coñecida, expedirán dilixencia expresiva do lugar, tempo e ocasión en que se encontraron, que incluírá unha descrición minuciosa para que se poida formar idea cabal deles e das circunstancias do seu achado, que poderá ser substituída por unha reportaxe gráfica. A dilixencia será asinada pola persoa en cuxo poder foren achados.

4. A incautación de efectos que poidan pertencer a unha vítima do delito será comunicada a esta. A persoa afectada pola incautación poderá recorrer en calquera momento contra a medida perante o xuíz de instrución, de conformidade co disposto no parágrafo terceiro do artigo 334.»

Catro. O primeiro parágrafo do artigo 295 queda redactado do seguinte modo:

«En ningún caso os funcionarios de Policía Xudicial poderán deixar transcorrer máis de vinte e catro horas sen dar coñecemento á autoridade xudicial ou ao Ministerio Fiscal das dilixencias que practicasen, salvo nos supostos de forza maior e no previsto no número 2 do artigo 284.»

Cinco. Suprímese o artigo 300.

Seis. Modifícase o artigo 324, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. As dilixencias de instrución practícaranse durante o prazo máximo de seis meses desde a data do auto de incoación do sumario ou das dilixencias previas.

Non obstante, antes da finalización dese prazo, o instrutor, por instancia do Ministerio Fiscal e logo de audiencia das partes, poderá declarar a instrución complexa para os efectos previstos no número seguinte cando, por circunstancias sobrevidas á investigación, esta non se poida completar razoablemente no prazo estipulado ou concorran de forma sobrevida algunhas das circunstancias previstas no número seguinte deste artigo.

2. Se a instrución é declarada complexa, o prazo de duración da instrución será de dezoito meses, que o instrutor da causa poderá prorrogar por igual prazo ou un inferior por instancia do Ministerio Fiscal e logo de audiencia das partes. A solicitude de prórroga deberase presentar por escrito, ao menos, tres días antes da finalización do prazo máximo.

Contra o auto que desestima a solicitude de prórroga non caberá recurso, sen prexuízo de que se poida reproducir esta petición no momento procesual oportuno.

Considerarase que a investigación é complexa cando:

- a) recaia sobre grupos ou organizacións criminais,
- b) teña por obxecto numerosos feitos punibles,
- c) involucre gran cantidade de investigados ou vítimas,

d) exixa a realización de pericias ou de colaboracións solicitadas polo órgano xudicial que impliquen o exame de abundante documentación ou análises complicadas,

- e) implique a realización de actuacións no estranxeiro,
- f) precise da revisión da xestión de persoas xurídico-privadas ou públicas, ou
- g) se trate dun delito de terrorismo.

3. Os prazos previstos neste artigo quedarán interrompidos:

- a) en caso de acordarse o segredo das actuacións, durante a súa duración, ou
- b) en caso de acordarse o sobresemento provisional da causa.

Cando se alce o segredo ou se reabran as dilixencias, continuará a investigación polo tempo que reste até completar os prazos previstos nos números anteriores, sen prexuízo da posibilidade de acordar a prórroga prevista no número seguinte.

4. Excepcionalmente, antes do transcurso dos prazos establecidos nos números anteriores ou, se for o caso, da prórroga que fose acordada, se así o solicita o Ministerio Fiscal ou algunha das partes comparecidas, por concorreren razóns que o xustifiquen, o instructor, logo de audiencia das demais partes, poderá fixar un novo prazo máximo para a finalización da instrución.

5. Cando o Ministerio Fiscal ou as partes, se for o caso, non fixesen uso da facultade que lles confire o número anterior, non poderán solicitar as dilixencias de investigación complementarias previstas nos artigos 627 e 780 desta lei.

6. O xuíz concluirá a instrución cando entenda que cumpriu a súa finalidade. Transcurrido o prazo máximo ou as súas prórrogas, o instructor ditará auto de conclusión do sumario ou, no procedemento abreviado, a resolución que proceda conforme o artigo 779. Se o instructor non ditou algunha das resolucións mencionadas neste número, o Ministerio Fiscal instará o xuíz para que acorde a decisión que sexa oportuna. Neste caso, o xuíz de instrución deberá resolver sobre a solicitude no prazo de quince días.

7. As dilixencias de investigación acordadas antes do transcurso dos prazos legais serán válidas, sen prexuízo da súa recepción tras a finalización dos prazos.

8. En ningún caso o mero transcurso dos prazos máximos fixados neste artigo dará lugar ao arquivamento das actuacións se non concorren as circunstancias previstas nos artigos 637 ou 641.»

Sete. Engádesse un parágrafo terceiro no número 2 do artigo 790, que queda redactado do seguinte modo:

«Cando a acusación alegue erro na valoración da proba para pedir a anulación da sentenza absolutoria ou o agravamento da condenatoria, será preciso que se xustifique a insuficiencia ou a falta de racionalidade na motivación fáctica, o apartamento manifesto das máximas de experiencia ou a omisión de todo razoamento sobre algunha ou algunhas das probas practicadas que poidan ter relevancia ou cuxa nulidade fose improcedentemente declarada.»

Oito. Modifícase o artigo 792, que queda redactado do seguinte modo:

«1. A sentenza de apelación ditarase dentro dos cinco días seguintes á vista oral, ou dentro dos dez días seguintes á recepción das actuacións pola Audiencia cando non resultase procedente a súa celebración.

2. A sentenza de apelación non poderá condenar o encausado que resultou absoluto en primeira instancia nin agravar a sentenza condenatoria que lle fose imposta por erro na apreciación das probas, nos termos previstos no terceiro parágrafo do artigo 790.2.

Non obstante, a sentenza, absolutoria ou condenatoria, poderá ser anulada e, en tal caso, devolveranse as actuacións ao órgano que ditou a resolución

impugnada. A sentenza de apelación concretará se a nulidade se debe estender ao xuízo oral e se o principio de imparcialidade exige unha nova composición do órgano de primeira instancia para o novo axuizamento da causa.

3. Cando a sentenza apelada sexa anulada por quebrantamento dunha forma esencial do procedemento, o tribunal, sen entrar no fondo da resolución, ordenará que se repoña o procedemento ao estado en que se encontraba no momento de cometerse a falta, sen prexuízo de que conserven a súa validez todos aqueles actos cuxo contido sería idéntico non obstante a falta cometida.

4. Contra a sentenza ditada en apelación só caberá recurso de casación nos supostos previstos no artigo 847, sen prexuízo do establecido respecto da revisión de sentenzas firmes, ou no artigo seguinte para a impugnación de sentenzas firmes ditadas en ausencia do acusado. Cando non se interpoña recurso contra a sentenza ditada en apelación, os autos devolveranse ao xulgado para os efectos da execución da resolución.

5. A sentenza notificarase aos ofendidos e prexudicados polo delito, aínda que non se mostrasen parte na causa.»

Nove. Introdúcese no libro IV un novo título III bis, coa seguinte rúbrica e contido:

«TÍTULO III bis

Proceso por aceptación de decreto

Artigo 803 bis a. *Requisitos do proceso por aceptación de decreto.*

En calquera momento despois de iniciadas as dilixencias de investigación pola fiscalía ou de incoado un procedemento xudicial e até a finalización da fase de instrución, aínda que non fose chamado a declarar o investigado, poderase seguir o proceso por aceptación de decreto cando se cumpran acumulativamente os seguintes requisitos:

1.º Que o delito estea castigado con pena de multa ou de traballos en beneficio da comunidade ou con pena de prisión que non exceda un ano e que poida ser suspendida de conformidade co disposto no artigo 80 do Código penal, con ou sen privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores.

2.º Que o Ministerio Fiscal entenda que a pena en concreto aplicable é a pena de multa ou traballos en beneficio da comunidade e, se for o caso, a pena de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores.

3.º Que non estea constituída como parte acusación popular ou particular na causa.

Artigo 803 bis b. *Obxecto.*

1. O proceso por aceptación de decreto ditado polo Ministerio Fiscal ten por obxecto unha acción penal exercida para a imposición dunha pena de multa ou traballos en beneficio da comunidade e, se for o caso, de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores.

2. Ademais, pode ter por obxecto a acción civil dirixida á obtención da restitución da cousa e a indemnización do prexuízo.

Artigo 803 bis c. *Contido do decreto de proposta de imposición de pena.*

O decreto de proposta de imposición de pena emitido polo Ministerio Fiscal terá o seguinte contido:

1.º Identificación do investigado.

2.º Descrición do feito punible.

3.º Indicación do delito cometido e mención sucinta da proba existente.

4.º Breve exposición dos motivos polos que entende, se for o caso, que a pena de prisión debe ser substituída.

5.º Penas propostas. Para os efectos deste procedemento, o Ministerio Fiscal poderá propor a pena de multa ou traballos en beneficio da comunidade e, se for o caso, a de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores, reducida até nun terzo respecto da legalmente prevista, aínda cando supoña a imposición dunha pena inferior ao límite mínimo previsto no Código penal.

6.º Peticións de restitución e indemnización, se for o caso.

Artigo 803 bis d. *Remisión ao xulgado de instrución.*

O decreto de proposta de imposición de pena ditado polo Ministerio Fiscal remitirase ao xulgado de instrución para a súa autorización e notificación ao investigado.

Artigo 803 bis e. *Auto de autorización.*

1. O xulgado de instrución autorizará o decreto de proposta de imposición de pena cando se cumpran os requisitos establecidos no artigo 803 bis a.

2. Se o xulgado de instrución non autoriza o decreto, este quedará sen efecto.

Artigo 803 bis f. *Notificación do auto e citación de comparecencia.*

1. Unha vez ditado o auto de autorización do decreto polo xulgado de instrución, notificarallo xunto co decreto ao encausado, a quen citará para que compareza ante o tribunal na data e no día que se sinalen.

2. Na notificación do decreto o encausado será informado da finalidade da comparecencia, da preceptiva asistencia de letrado para a súa celebración e dos efectos da súa incomparecencia ou, no caso de comparecer, do seu dereito a aceptar ou rexeitar a proposta contida no decreto. Tamén será informado de que, en caso de non encontrarse defendido por letrado na causa, se debe asesorar cun avogado de confianza ou solicitar un avogado de oficio antes do prazo previsto no artigo seguinte.

Artigo 803 bis g. *Solicitud de asistencia letrada.*

Se o encausado carece de asistencia letrada, designaráselle avogado de oficio para o seu asesoramento e asistencia.

Para que a comparecencia se poida celebrar, a solicitud de designación de avogado de oficio débese realizar no prazo de cinco días hábiles antes da data para a cal estea sinalada.

Artigo 803 bis h. *Comparecencia.*

1. Para a aceptación da proposta de sanción o encausado deberá comparecer no xulgado de instrución asistido de letrado.

2. Se o encausado non comparece ou rexeita a proposta do Ministerio Fiscal, total ou parcialmente, no relativo ás penas ou á restitución ou indemnización, esta quedará sen efecto. Se o encausado comparece sen letrado, o xuíz suspenderá a comparecencia de acordo co disposto no artigo 746 e sinalará nova data para a súa celebración.

3. Na comparecencia, o xuíz, en presenza do letrado, asegurarse de que o encausado comprende o significado do decreto de proposta de imposición de pena e os efectos da súa aceptación.

4. A comparecencia será rexistrada integramente por medios audiovisuais e documentarase conforme as regras xerais en caso de imposibilidade material.

Artigo 803 bis i. *Conversión do decreto en sentenza condenatoria.*

Se o encausado acepta na comparecencia a proposta de pena en todos os seus termos, o xulgado de instrución atribuiralle o carácter de resolución xudicial firme,

que no prazo de tres días documentará na forma e con todos os efectos de sentenza condenatoria, a cal non será susceptible de ningún recurso.

Artigo 803 bis j. *Ineficacia do decreto de proposta de pena.*

Se o decreto de proposta de pena devén ineficaz por non ser autorizado polo xulgado de instrución, por incomparecencia ou por falta de aceptación do encausado, o Ministerio Fiscal non se encontrará vinculado polo seu contido e proseguirá a causa pola canle que corresponda.»

Dez. Introdúcese no libro IV un novo título III ter, coa seguinte rúbrica e contido:

«TÍTULO III ter

Da intervención de terceiros afectados polo comiso e do procedemento de comiso autónomo

CAPÍTULO I

Da intervención no proceso penal dos terceiros que poidan resultar afectados polo comiso

Artigo 803 ter a. *Resolución xudicial de chamada ao proceso.*

1. O xuíz ou tribunal acordará, de oficio ou por instancia de parte, a intervención no proceso penal daquelas persoas que poidan resultar afectadas polo comiso cando consten feitos dos cales poida derivar razoablemente:

- a) que o ben cuxo comiso se solicita pertence a un terceiro distinto do investigado ou encausado, ou
- b) que existen terceiros titulares de dereitos sobre o ben cuxo comiso se solicita que se poderían ver afectados por este.

2. Poderase prescindir da intervención dos terceiros afectados no procedemento cando:

- a) non se puidese identificar ou localizar o posible titular dos dereitos sobre o ben cuxo comiso se solicita, ou
- b) existan feitos dos cales poida derivar que a información en que se funda a pretensión de intervención no procedemento non é certa, ou que os supostos titulares dos bens cuxo comiso se solicita son persoas interpostas vinculadas ao investigado ou encausado ou que actúan en convivencia con el.

3. Contra a resolución pola cal o xuíz declare improcedente a intervención do terceiro no procedemento poderase interpor recurso de apelación.

4. Se o afectado polo comiso manifestou ao xuíz ou tribunal que non se opón ao comiso, non se acordará a súa intervención no procedemento ou porase fin á que xa fose acordada.

5. No caso de que se acorde recibir declaración do afectado polo comiso, será informado do contido do artigo 416.

Artigo 803 ter b. *Especialidades da intervención e citación a xuízo do terceiro afectado.*

1. A persoa que poida resultar afectada polo comiso poderá participar no proceso penal desde que se acordase a súa intervención, aínda que esta participación estará limitada aos aspectos que afecten directamente os seus bens, dereitos ou situación xurídica e non se poderá estender ás cuestións relacionadas coa responsabilidade penal do encausado.

2. Para a intervención do terceiro afectado polo comiso será preceptiva a asistencia letrada.

3. O afectado polo comiso será citado ao xuízo de conformidade co disposto nesta lei. Na citación indicárase que o xuízo poderá ser celebrado na súa ausencia e que nel se poderá resolver, en todo caso, sobre o comiso solicitado.

O afectado polo comiso poderá actuar no xuízo por medio da súa representación legal, sen que sexa necesaria a súa presenza física nel.

4. A incomparecencia do afectado polo comiso non impedirá a continuación do xuízo.

Artigo 803 ter c. *Notificación e impugnación da sentenza.*

A sentenza en que se acorde o comiso será notificada á persoa afectada por el aínda que non comparecese no proceso, sen prexuízo do disposto no número 2 do artigo 803 ter a. A persoa afectada poderá interpor contra a sentenza os recursos previstos nesta lei, aínda que deberá circunscribir o seu recurso aos pronunciamentos que afecten directamente os seus bens, dereitos ou situación xurídica, e non poderá estendelo ás cuestións relacionadas coa responsabilidade penal do encausado.

Artigo 803 ter d. *Incomparecencia do terceiro afectado polo comiso.*

1. A incomparecencia do terceiro afectado polo comiso que foi citado de conformidade co disposto nesta lei terá como efecto a súa declaración en rebeldía. A rebeldía do terceiro afectado rexeráse polas normas establecidas pola Lei de axuizamento civil respecto ao demandado rebelde, incluídas as previstas para as notificacións, os recursos fronte á sentenza e a rescisión da sentenza firme por instancia do rebelde, ben que, en caso de rescisión da sentenza, esta se limitará aos pronunciamentos que afecten directamente o terceiro nos seus bens, dereitos ou situación xurídica. En tal caso, remitirase certificación ao tribunal que ditase sentenza en primeira instancia, se é distinto ao que ditou a sentenza rescindente e, a continuación, seguiranse as regras seguintes:

a) Outorgarase ao terceiro un prazo de dez días para presentar escrito de contestación á demanda de comiso, con proposición de proba, en relación cos feitos relevantes para o pronunciamento que o afecte.

b) Presentado o escrito en prazo, o órgano xurisdiccional resolverá sobre a admisibilidade de proba mediante auto e, conforme as normas xerais, sinalarase a data para a vista, cuxo obxecto se cingirá ao axuizamento da acción civil interposta contra o terceiro ou da afección dos seus bens, dereitos ou situación xurídica pola acción penal.

c) Fronte á sentenza poderanse interpor os recursos previstos nesta lei.

Se non se presenta escrito de contestación á demanda en prazo ou o terceiro non comparece na vista debidamente representado, ditarase, sen máis trámite, sentenza coincidente coa rescindida nos pronunciamentos afectados.

2. Os mesmos dereitos previstos no número anterior recoñécense ao terceiro afectado que non tivese a oportunidade de oporse ao comiso por descoñecer a súa existencia.

CAPÍTULO II

Procedemento de comiso autónomo

Artigo 803 ter e. *Obxecto.*

1. Poderá ser obxecto do procedemento de comiso autónomo regulado no presente título a acción mediante a cal se solicita o comiso de bens, efectos ou ganancias, ou un valor equivalente a estes, cando non fose exercida con anterioridade, salvo o disposto no artigo 803 ter p.

2. En particular, será aplicable este procedemento nos seguintes casos:

- a) Cando o fiscal se limite no seu escrito de acusación a solicitar o comiso de bens reservando expresamente para este procedemento a súa determinación.
- b) Cando se solicite como consecuencia da comisión dun feito punible cuxo autor falecese ou non poida ser axuizado por acharse en rebeldía ou incapacidade para comparecer en xuízo.

3. No caso de reserva da acción polo fiscal, o procedemento de comiso autónomo soamente poderá ser iniciado cando o proceso en que se resolva sobre as responsabilidades penais do encausado xa concluíse con sentenza firme.

Artigo 803 ter f. *Competencia.*

Será competente para o coñecemento do procedemento de comiso autónomo:

- a) o xuíz ou tribunal que ditase a sentenza firme,
- b) o xuíz ou tribunal que estivese coñecendo da causa penal suspendida, ou
- c) o xuíz ou tribunal competente para o axuizamento dela cando esta non se iniciase, nas circunstancias previstas no artigo 803 ter e.

Artigo 803 ter g. *Procedemento.*

Serán aplicables ao procedemento de comiso autónomo as normas que regulan o xuízo verbal recollido no título III do libro II da Lei de axuizamento civil no que non sexan contraditorias coas establecidas neste capítulo.

Artigo 803 ter h. *Exclusividade do Ministerio Fiscal no exercicio da acción.*

A acción de comiso no procedemento de comiso autónomo será exercida exclusivamente polo Ministerio Fiscal.

Artigo 803 ter i. *Asistencia letrada.*

Serán aplicables a todas as persoas cuxos bens ou dereitos se poidan ver afectados polo comiso as normas reguladoras do dereito á asistencia letrada do encausado previstas nesta lei.

Artigo 803 ter j. *Lexitimación pasiva e citación a xuízo.*

1. Serán citados a xuízo como demandados os suxeitos contra os cales se dirixa a acción pola súa relación cos bens que se vaian comisar.
2. O encausado rebelde será citado mediante notificación dirixida á súa representación procesual no proceso suspendido e fixación de edicto no taboleiro de anuncios do tribunal.
3. O terceiro afectado polo comiso será citado de conformidade co previsto no número 3 do artigo 803 ter b.

Artigo 803 ter k. *Comparecencia do encausado rebelde ou coa capacidade modificada xudicialmente.*

1. Se o encausado declarado rebelde no proceso suspendido non comparece no procedemento autónomo de comiso, nomearáselle procurador e avogado de oficio, que asumirán a súa representación e defensa.
2. A comparecencia no procedemento de comiso autónomo do encausado coa capacidade modificada xudicialmente para comparecer no proceso penal suspendido rexeráse polas normas da Lei de axuizamento civil.

Artigo 803 ter l. *Demanda de solicitude de comiso autónomo.*

1. A demanda de comiso autónomo presentarase por escrito que expresará, en puntos separados e numerados:

- a) As persoas contra as cales se dirixe a solicitude e os seus domicilios.
- b) O ben ou bens cuxo comiso se pretende.
- c) O feito punible e a súa relación co ben ou bens.
- d) A cualificación penal do feito punible.
- e) A situación da persoa contra a cal se dirixe a solicitude respecto ao ben.
- f) O fundamento legal do comiso.
- g) A proposición de proba.
- h) A solicitude de medidas cautelares, xustificando a conveniencia da súa adopción para garantir a efectividade do comiso, se procede.

2. Unha vez admitida a demanda, o órgano competente adoptará as seguintes resolucións:

1.º Acordará ou non as medidas cautelares solicitadas.

2.º Notificará a demanda de comiso ás partes pasivamente lexitimadas, ás cales outorgará un prazo de vinte días para se constituíren como parte no proceso e presentaren escrito de contestación á demanda de comiso.

3. Unha vez adoptadas as medidas cautelares, a oposición, modificación ou alzamento delas e a prestación de caución substitutoria desenvolveranse de acordo co previsto no título VI do libro III da Lei de axuízamento civil, no que non sexa contradictorio coas normas establecidas neste capítulo.

Artigo 803 ter m. *Escrito de contestación á demanda de comiso.*

1. O escrito de contestación á demanda de comiso conterà, en relación cos correlativos do escrito de demanda, as alegacións da parte demandada.

2. Se o demandado non interpón o seu escrito de contestación no prazo conferido ou se desiste del, o órgano competente acordará o comiso definitivo dos bens, efectos ou ganancias, ou dun valor equivalente a estes.

Artigo 803 ter n. *Resolución sobre proba e vista.*

O órgano competente resolverá sobre a proba proposta mediante auto, en que sinalará a data e a hora para a vista de acordo coas regras xerais. Esta resolución non será impugnabile, aínda que a solicitude de proba se poderá reiterar no xuízo.

Artigo 803 ter o. *Xuízo e sentenza.*

1. O xuízo desenvolverase conforme o disposto no artigo 433 da Lei de axuízamento civil e o xuíz ou tribunal resolverá mediante sentenza no prazo de 20 días desde a súa finalización, con algún dos seguintes pronunciamentos:

1.º Estimar a demanda de comiso e acordar o comiso definitivo dos bens.

2.º Estimar parcialmente a demanda de comiso e acordar o comiso definitivo pola cantidade que corresponda. Neste caso, deixaranse sen efecto as medidas cautelares que fosen acordadas respecto ao resto dos bens.

3.º Desestimar a demanda de comiso e declarar que non procede por concorrer algún dos motivos de oposición. Neste caso, deixaranse sen efecto todas as medidas cautelares que fosen acordadas.

2. Cando a sentenza estime total ou parcialmente a demanda de comiso, identificará os prexudicados e fixará as indemnizacións que sexan procedentes.

3. O pronunciamento en custas rexerese polas normas xerais previstas nesta lei.

Artigo 803 ter p. *Efectos da sentenza de comiso.*

1. A sentenza producirá os efectos materiais da cousa xulgada en relación coas persoas contra as cales se dirixise a acción e a causa de pedir interposta, consistente nos feitos relevantes para a adopción do comiso, relativos ao feito punible e á situación fronte aos bens do demandado.

2. Máis aló do efecto material da cousa xulgada establecido no número anterior, o contido da sentenza do procedemento de comiso autónomo non vinculará no posterior axuizamento do encausado, se se produce.

No proceso penal posterior contra o encausado, se se produce, non se solicitará nin será obxecto de axuizamento o comiso de bens sobre o cal se resolvese con efecto de cousa xulgada no procedemento de comiso autónomo.

3. Aos bens comisados daráselles o destino previsto nesta lei e no Código penal.

4. Cando o comiso se acordase por un valor determinado, requirirase a persoa con relación á cal se acordou para que proceda ao pagamento da cantidade correspondente dentro do prazo que se lle determine ou, noutro caso, designe bens por un valor suficiente sobre os cales a orde de comiso se poida facer efectiva.

Se o requirimento non é atendido, procederase do modo previsto no artigo seguinte para a execución da orde de comiso.

Artigo 803 ter q. *Investigación do Ministerio Fiscal.*

1. O Ministerio Fiscal poderá levar a cabo, por si mesmo, a través da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos ou por medio doutras autoridades ou dos funcionarios da Policía Xudicial, as dilixencias de investigación que resulten necesarias para localizar os bens ou dereitos titularidade da persoa con relación á cal se acordou o comiso.

As autoridades e funcionarios cuxa colaboración solicitou o Ministerio Fiscal estarán obrigados a prestala baixo apercibimento de incorreren nun delito de desobediencia, salvo que as normas que regulen a súa actividade dispoñan outra cousa ou fixen límites ou restricións que deban ser atendidos, caso en que trasladarán ao fiscal os motivos da súa decisión.

2. Cando o fiscal considere necesario levar a cabo algunha dilixencia de investigación que deba ser autorizada xudicialmente, presentará a solicitude ao xuíz ou tribunal que coñecece o procedemento de comiso.

3. Así mesmo, o Ministerio Fiscal poderase dirixir ás entidades financeiras, organismos e rexistros públicos e persoas físicas ou xurídicas para que faciliten, no marco da súa normativa específica, a relación de bens ou dereitos do executado de que teñan constancia.

Artigo 803 ter r. *Recursos e revisión da sentenza firme.*

1. Son aplicables no procedemento de comiso autónomo as normas reguladoras dos recursos aplicables ao proceso penal abreviado.

2. Son aplicables ao procedemento de comiso autónomo as normas reguladoras da revisión de sentenzas firmes.

Artigo 803 ter s. *Incomparecencia do encausado rebelde e do terceiro afectado.*

A incomparecencia do encausado rebelde e do terceiro afectado no procedemento de comiso autónomo rexerese polo disposto no artigo 803 ter d.

Artigo 803 ter t. *Acumulación de solicitude de comiso contra o encausado rebelde ou persoa coa capacidade modificada xudicialmente na causa seguida contra outro encausado.*

No suposto en que a causa seguida contra o encausado rebelde ou persoa coa capacidade modificada xudicialmente continúe para o axuizamento dun ou máis encausados, poderase acumular na mesma causa a acción de comiso autónomo contra os primeiros.

Artigo 803 ter u. *Presentación de nova solicitude de comiso.*

O Ministerio Fiscal poderá solicitar ao xuíz ou tribunal que dite unha nova orde de comiso:

- a) Cando se descubra a existencia de bens, efectos ou ganancias aos cales se deba estender o comiso pero de cuxa existencia ou titularidade non se tivese coñecemento cando se iniciou o procedemento de comiso, e
- b) Cando non se resolvese anteriormente sobre a procedencia do seu comiso.»

Once. Introdúcese un novo artigo 846 ter co seguinte contido:

«1. Os autos que supoñan a finalización do proceso por falta de xurisdición ou sobresemento libre e as sentenzas ditadas polas audiencias provinciais ou pola Sala do Penal da Audiencia Nacional en primeira instancia son impugnables en apelación ante as salas do civil e penal dos tribunais superiores de xustiza do seu territorio, e ante a Sala de Apelación da Audiencia Nacional, respectivamente, que resolverán as apelacións en sentenza.

2. A sala do civil e penal dos tribunais superiores de xustiza e a Sala de Apelación da Audiencia Nacional constituiranse con tres maxistrados para o coñecemento dos recursos de apelación previstos no número anterior.

3. Os recursos de apelación contra as resolucións previstas no número 1 deste artigo rexeranse polo disposto nos artigos 790, 791 e 792 desta lei, ben que as referencias efectuadas aos xulgados do penal se entenderán realizadas ao órgano que ditou a resolución impugnada, e as referencias ás audiencias, ao órgano que sexa competente para o coñecemento do recurso.»

Doce. Modifícase o artigo 847, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Procede recurso de casación:

a) Por infracción de lei e por quebrantamento de forma contra:

1.º As sentenzas ditadas en única instancia ou en apelación pola sala do civil e penal dos tribunais superiores de xustiza.

2.º As sentenzas ditadas pola Sala de Apelación da Audiencia Nacional.

b) Por infracción de lei do motivo previsto no ordinal 1.º do artigo 849 contra as sentenzas ditadas en apelación polas audiencias provinciais e a Sala do Penal da Audiencia Nacional.

2. Quedan exceptuadas aquelas que se limiten a declarar a nulidade das sentenzas ditadas en primeira instancia.»

Trece. Modifícase o artigo 848, que quedará redactado do seguinte modo:

«Poderán ser impugnados en casación, unicamente por infracción de lei, os autos para os cales a lei autorice o dito recurso de modo expreso e os autos definitivos ditados en primeira instancia e en apelación polas audiencias provinciais

ou pola Sala do Penal da Audiencia Nacional cando supoñan a finalización do proceso por falta de xurisdición ou sobresemento libre e a causa se dirixise contra o encausado mediante unha resolución xudicial que supoña unha imputación fundada.»

Catorce. Engádesse un parágrafo segundo no artigo 889, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 889.

Para denegar a admisión do recurso será necesario que o acordo se adopte por unanimidade.

A inadmisión a trámite do recurso de casación no suposto previsto no artigo 847.1.b) poderase acordar por providencia sucintamente motivada sempre que haxa unanimidade por carencia de interese casacional.»

Quince. Modifícase o artigo 954, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Poderase solicitar a revisión das sentenzas firmes nos casos seguintes:

a) Cando fose condenada unha persoa en sentenza penal firme que valorase como proba un documento ou testemuño declarados despois falsos, a confesión do encausado arrancada por violencia ou coacción ou calquera outro feito punible executado por un terceiro, sempre que tales aspectos resulten declarados por sentenza firme en procedemento penal seguido para o efecto. Non será exigible a sentenza condenatoria cando o proceso penal iniciado para tal fin sexa arquivado por prescrición, rebeldía, falecemento do encausado ou outra causa que non supoña unha valoración de fondo.

b) Cando se ditase sentenza penal firme en que se condene polo delito de prevaricación algún dos maxistrados ou xuíces intervinientes en virtude dalgunha resolución ditada no proceso en que se adoptase a sentenza cuxa revisión se pretende, sen a que a resolución fose distinta.

c) Cando sobre o mesmo feito e encausado se ditasen dúas sentenzas firmes.

d) Cando despois da sentenza sobreveña o coñecemento de feitos ou elementos de proba, que, de teren sido achegados, determinarían a absolución ou unha condena menos grave.

e) Cando, resolta unha cuestión pre-xudicial por un tribunal penal, dite con posterioridade sentenza firme o tribunal non penal competente para a resolución da cuestión que resulte contraditoria coa sentenza penal.

2. Será motivo de revisión da sentenza firme de comiso autónomo a contradición entre os feitos declarados probados nela e os declarados probados na sentenza firme penal que, se for o caso, se dite.

3. Poderase solicitar a revisión dunha resolución xudicial firme cando o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos declarase que a dita resolución foi ditada en violación dalgún dos dereitos recoñecidos no Convenio europeo para a protección dos dereitos humanos e liberdades fundamentais e os seus protocolos, sempre que a violación, pola súa natureza e gravidade, entrañe efectos que persistan e non poidan cesar de ningún outro modo que non sexa mediante esta revisión.

Neste suposto, a revisión só poderá ser solicitada por quen, estando lexitimado para interpor este recurso, fose demandante ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. A solicitude deberase formular no prazo dun ano desde que adquira firmeza a sentenza do referido tribunal.»

Dezaseis. Modifícase o número 1 do artigo 964, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Nos supostos non recollidos polo artigo 962, cando a Policía Xudicial teña noticia dun feito que presente os caracteres dalgún delito leve, formará de maneira inmediata o correspondente atestado, que remitirá sen dilación ao xulgado de garda, salvo para aqueles supostos exceptuados no artigo 284 desta lei. O dito atestado recollerá as dilixencias practicadas, así como o ofrecemento de accións ao ofendido ou prexudicado, practicado conforme os artigos 109, 110 e 967, e a designación, se dispoñen deles, dun enderezo de correo electrónico e dun número de teléfono a que serán remitidas as comunicacións e notificacións que se deban realizar. Se non os poden facilitar ou o solicitan expresamente, as notificacións seranlles remitidas por correo ordinario ao domicilio que designen.»

Dezasete. Engádese un novo parágrafo ao artigo 985, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 985.

A execución das sentenzas en causas por delito corresponde ao tribunal que ditase a que sexa firme.

A execución das sentenzas ditadas no proceso por aceptación de decreto, cando o delito sexa leve, corresponde ao xulgado que a ditase.»

Dezaoito. Incorpórase unha nova disposición adicional quinta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quinta. *Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.*

1. A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos é o órgano administrativo a que corresponden as funcións de localización, recuperación, conservación, administración e realización de efectos procedentes de actividades delituosas, nos termos previstos na lexislación penal e procesual.

Cando sexa necesario para o desempeño das súas funcións e realización dos seus fins, a Oficina de Recuperación e Xestión de Activos poderá solicitar a colaboración de calquera entidade pública e privada, que estarán obrigadas a prestala de conformidade coa súa normativa específica.

2. Os recursos que se encomenden á Oficina de Recuperación e Xestión de Activos con anterioridade a que se dite resolución xudicial firme de comiso poderanse xestionar a través da conta de depósitos e consignacións xudiciais cando se trate do diñeiro resultante do embargo ou a realización anticipada dos efectos. Para os restantes bens, en atención ás circunstancias, a Oficina poderá xestionalos de calquera das formas previstas na lexislación aplicable ás administracións públicas. Os xuros do diñeiro e os rendementos e froitos dos bens destinaranse a satisfacer os custos de xestión, incluíndo os que correspondan á Oficina; a cantidade restante conservarase a resultas do que se dispoña mediante resolución xudicial firme de comiso.

Cando se dite resolución xudicial firme de comiso, os recursos obtidos serán obxecto de realización e a cantidade obtida aplicarase na forma prevista no artigo 367 quinquies da Lei de axuízamento criminal. A cantidade restante, así como o produto obtido pola xestión dos bens durante o proceso, transferirase ao Tesouro como ingreso de dereito público, do cal, unha vez deducidos os gastos de funcionamento e xestión da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, dotados no orzamento do Ministerio de Xustiza, se afecta até un 50 por cento á satisfacción dos fins sinalados no número seguinte. Estes ingresos xerarán crédito no orzamento do Ministerio de Xustiza, de acordo co establecido na Lei xeral orzamentaria.

Os custos de xestión e os gastos previstos nos parágrafos anteriores poderanse estimar da forma que se determine regulamentariamente.

3. Son fins propios dos recursos obtidos pola Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, como consecuencia das resolucións xudiciais de comiso, os seguintes:

- a) o apoio a programas de atención a vítimas do delito, incluído o impulso e a dotación das oficinas de asistencia ás vítimas,
- b) o apoio aos programas sociais orientados á prevención do delito e tratamento do delincente,
- c) a intensificación e a mellora das actuacións de prevención, investigación, persecución e represión de delitos,
- d) a cooperación internacional na loita contra as formas graves de criminalidade,
- e) e os que se poidan determinar regulamentariamente.

4. Na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano determinarase a porcentaxe obxecto de afectación aos fins sinalados nesta disposición. Os criterios para a distribución dos recursos afectados serán fixados anualmente mediante acordo do Consello de Ministros.»

Dezanove. Incorpórase unha nova disposición adicional sexta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Procedemento.*

Sen prexuízo do establecido para os procesos especiais, os delitos que, alternativa ou conxuntamente, estean castigados cunha pena leve e outra menos grave substanciaranse polo procedemento abreviado ou, se for o caso, polo procedemento para o axuizamento rápido de determinados delitos ou polo proceso por aceptación de decreto.»

Disposición adicional única. *Previsión de custos.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións de persoal, nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria única. *Lexislación aplicable.*

1. Esta lei aplicarase aos procedementos penais incoados con posterioridade á súa entrada en vigor.

2. O artigo 954 aplicarase tamén ás sentenzas que adquiran firmeza tras a súa entrada en vigor.

O suposto previsto no número 3 do artigo 954 aplicarase ás sentenzas do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos que adquiran firmeza tras a súa entrada en vigor.

3. O artigo 324 aplicarase aos procedementos que se achen en tramitación no momento da entrada en vigor desta lei. Para tales efectos, considerarase o día de entrada en vigor como día inicial para o cómputo dos prazos máximos de instrución que se fixan na presente lei.

Disposición derogatoria única. *Derrogación de normas.*

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei hipotecaria.*

Modifícase o parágrafo sétimo do artigo 20 da Lei hipotecaria, que queda redactado nos seguintes termos:

«Non se poderá tomar anotación de demanda, embargo ou prohibición de dispor, nin calquera outra prevista na lei, se o titular rexistral é persoa distinta daquela contra a cal se dirixiu o procedemento. Nos procedementos criminais e nos de comiso poderase tomar anotación de embargo preventivo ou de prohibición de dispor dos bens como medida cautelar cando, a xuízo do xuíz ou tribunal, existan indicios racionais de que o verdadeiro titular destes é o encausado, o que se fará constar así no mandamento.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia que ao Estado atribúe en exclusiva o artigo 149.1.6.^a da Constitución española en materia de lexislación procesual.

A disposición derradeira primeira dítase ao abeiro das competencias exclusivas do artigo 149.1.8.^a da Constitución española en materia ordenación dos rexistros e instrumentos públicos.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpórase ao dereito español a Directiva 2014/42/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014, sobre o embargo e o comiso dos instrumentos e do produto do delito na Unión Europea.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY